



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

Allegue Aguete, Pilar
Álvarez Rodríguez, Pablo
Barreiro Blas, Antonio
Bravo Bernárdez, Jorge
Fernández Fernández, Federico A.
Gil Villanueva, José M^a.
González Crespán, Araceli
Valeije Álvarez, M^a Inmaculada
Macías Cambra, Enrique
Fernández Iglesias, Manuel
Vaquero Díaz, M^a Beatriz
DESCULPA ASISTENCIA

Acta da sesión extraordinaria da Comisión Electoral, que tivo lugar o día 1 de xullo de dous mil dez ás 9:30 horas.

O xoves, día **1 de xullo 2010**, ás 9:30 horas, nas salas de videoconferencia dos tres campus, deu comezo a xuntanza extraordinaria da Comisión Electoral co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, das normas de paridade na composición dos órganos previstos nos Estatutos e nas comisións delegadas de Consello de Goberno.
2. Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria do día 1 de xullo de 2010.

Ábrese a sesión extraordinaria ás 9:30 horas no Servizos Centrais Multimedia de Biblioteca Central co punto da orde do día consistente na aprobación, se procede, das Normas de paridade na composición dos órganos previstos nos Estatutos e nas comisións delegadas de Consello de Goberno (**anexo I**).

En primeiro lugar, toma a palabra o presidente da Comisión Electoral, Don Manuel Fernández Iglesias, para agradecer aos membros da Comisión a súa presenza, seguidamente dá a quenda de palabra á secretaria , quen explica brevemente os diferentes apartados da normativa e o procedemento que se adoptará na elección dos membros das diferentes comisións para garantir a presenza equilibrada entre homes e mulleres.

En relación ao procedemento seguido para promover a paridade entre xéneros na Comisión Electoral, Federico Fernández toma a palabra para dicir que na súa opinión o inciso último do parágrafo primeiro relativo a que “cada candidato deberá levar un suplente de sexo indiferenciado”. Na súa opinión, o texto é incompatible co obxectivo da normativa. E sobre se sería oportuno que a normativa impuxese que o suplente debese ser do mesmo xénero que o candidato. Tras un pequeno debate, chegouse ao acordo entre os asistentes de modificar o borrador a fin de que non dese lugar a equívocos ou ambigüidades e introducir a expresión que “cada candidato deberá levar un suplente de calquera xénero”.

Acórdase someter a votación polo sistema de voto a man alzada o borrador de normas electorais aplicables na elección da composición dos órganos previstos nos Estatutos e nas comisións delegadas de Consello de Goberno.


O texto foi aprobado con 9 (nove) votos a favor, ningún voto en contra e coas abstencións de Enrique Macias e Federico Fernández.

Enrique Macias e Federico Fernández na súa condición de representantes do PAS no Claustro toman a palabra para explicar o sentido do seu voto. por canto queren pór de manifesto que non están de acordo coas limitacións que a normativa electoral para garantir a paridade de xéneros impón no dereito ao voto.

No segundo punto da orde do día relativo á aprobación do acta da sesión extraordinaria de 1 de xullo de 2010 tras a lectura do acta apróbase por asentimento.


E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10:30 horas do día 1 de xullo de 2010 da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e prace da presidenta da Comisión Electoral.

A presidenta da Comisión Electoral



Manuel Fernández Iglesias

A secretaria da Comisión Electoral



Mª Inmaculada Valeije Álvarez